



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** XXX curso para obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia

**GRUPO:** Cursos Autonómico

**ÁREA:** Históricos EGAP

|                         |            |                   |               |                  |      |
|-------------------------|------------|-------------------|---------------|------------------|------|
| <b>CUALIFICACIÓN:</b>   | ASISTENCIA | <b>PLAN:</b>      | F. FINALISTAS | <b>HORAS:</b>    | 150  |
| <b>ADMINISTRACIÓN:</b>  | AUTONÓMICA | <b>ESTADO:</b>    | CONVOCADO     | <b>ANO:</b>      | 2000 |
| <b>MOD.IMPARTICIÓN:</b> | PRESENCIAL | <b>TIPOLOXÍA:</b> | XERAL         | <b>EDICIÓNS:</b> | 1    |

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

### DESTINATARIOS

a) Estar, na data da convocatoria, en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario.  
b) Ser funcionario de carreira ou persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde dos grupos A ou B, en situación de servizo activo ou servizos especiais en calquera das administracións públicas existentes en Galicia.  
c) Ter prestado un mínimo de tres anos de servizos na Administración pública ou cinco no caso dos diplomados.  
Dous tercios do total das prazas convocadas (40 prazas) quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

### PROGRAMA

Contido básico: a función directiva na Administración pública. Mando e liderato. A xestión de recursos humanos. Políticas de igualdade. Dirección de reunións. Dirección por obxectivos e control de xestión. Deseño organizativo. Marketing público. Calidade de servizo. Xestión do cambio.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuarase por unha comisión designada para o efecto, de conformidade co previsto no artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos:

Puntuación máxima: 5 puntos.

Sistema de acceso 1.

A. Por experiencia en posto directivo na Xunta de Galicia:

a) De director xeral: 1 punto por ano completo de desempeño do cargo.

b) De subdirector xeral: 0,5 puntos por ano completo de desempeño do posto.

c) De xefe de servizo: 0,25 puntos por ano completo de desempeño do posto.

As fraccións do ano traballado nun posto poderanse acumular a outro posto de nivel inferior. A puntuación máxima non superará os 2,5 puntos. As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuran na dilixencia de toma de posesión e cesamento. Esta experiencia deberá ser certificada polo responsable do servizo de persoal do que dependa o solicitante, segundo o modelo oficial que se xunta.

### 3. DATOS EDICIÓNS

**1156001**

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 14/04/2000 a 30/06/2000

**NUM. PRAZAS:** 32

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### **DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE